

**"4 Resolución do expediente de contratación da obra realización de saneamento no núcleo de Tella"** A secretaria le a proposición única que subscribiu a empresa Espina&Delfín. (núm. de rexistro de entrada 2.648 do 21.07.2009).

Os membros da Xunta de Goberno Local examinaron o expediente tramitado para contratar, por procedemento negociado por razón da contía, a obra "realización de saneamento no núcleo de Tella", segundo o proxecto que redactou o arquitecto técnico municipal Andrés Breijo Castrillón, que ten un orzamento de 143.670,86 €, e que aprobou o alcalde na Resolución de Alcaldía núm. 188/2009, do 09 de xullo

Unha vez que a secretaria leu a proposición única presentada, que cumpre os requisitos contados no prego de cláusulas administrativas que rexen o presente contrato, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

1 Declarar válida a licitación e adxudicarlle provisionalmente, por procedemento negociado sen publicidade, por razón da contía, o contrato da obra "realización de saneamento en Tella", á empresa Espina&Delfín, S.L. polo prezo de 143.670,86 €. (123.854,19 € de base impositible e 19.816,67 € de IVE).

2 Notificar a adxudicación provisional -no caso de existir (por haber presentado oferta)-, aos candidatos que non haxan resultado adxudicatarios.

3 Dispor o gasto correspondente con cargo á partida 2009.441.9d.601.00 do orzamento municipal.

4 Como director da obra o concello nomea a Andrés Breijo Castrillón, arquitecto técnico municipal e como coordinador de seguridade e saúde da obra, ao abeiro do que dispón o Decreto 1627/1997, do 24 de outubro a Francisco Cobas Fernández.

5 Notificarlle ao contratista, adxudicatario provisional do contrato para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da fecha de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituir á garantía definitiva polo importe de 6.192,71 euros.

6. Publicar a adxudicación provisional do contrato no Perfil de Contratante do Órgano de Contratación."